

Agora,
eu cariota
Xosé Gago



VENTOALTO
P O E S Í A

EDICIÓN
L a i o v e n t o
L A I O V E N T Ó



Autorretrato

Versos como socalcos

Muitas idades leva escrever a paisagem. Muitas idades e muitas mãos: as que dirigem a sacha e caligrafam o suco, as que elevam pedra seca para edificar muras, as que cinzelam as pedras que hão ser passos no rio, as que modelam as abelhas que hão habitar a alvariça.

Escrever a paisagem tem outro ritmo, *un tempo piano ma non troppo*. É preciso atender, para perceber *o son vexetal // herbáceo // de musgo primixenio que paseniño // chasca a roca e fai chan*. A escritura vem marcada nos labores de diário, a tarefas ligadas ao hummus, à terra que tudo germola: a sementeira, a poda, a vindima, a música da festa. E vem marcada nos labores comunitários, naqueles que precisam cafeteira pronta e pão e chouriço. Conversa na *lingua dos mastíns e dos gatiños que nacen nas lachenas*.

Do pregamento deitado até o *patao* que assoma por baixo das silveiras, o cosmos pode ser devorado nos lameiros, nas ribeiras. Mas precisamos de saber ler. E não nos aprenderam este falar. Os códigos químicos das formigas fazem de nós analfabetas. Desconhecemos a *digitalina* e já rebentamos todos os estalotes. Sabemos *todo das mulleres Ndebele ou Bantú e non coñecemos as mulleres de Riveira de Trasmonte*.

Tarefa arqueológica aprender a ler um mundo em colapso, *comunidades esgazadas pola rodeira // culturas devoradas por procesadoras*. Mirar a paisagem e descobrir uma estratigrafia de versos livres nas suas ribeiras. Deitar fora o chapéu e o chicote de Indiana Jones e apanhar o pincel para limpar *os materiais diversos dunha arquitectura apocalíptica*. Tarefa de arqueólogos e poetas. Fazer que o humano agrome sob uma capa selvagem. Ou que o selvagem agrome sob a superficialidade humana.

Acompanhamos nestes versos ao poeta no seu aprendizado, no seu encontro com um mundo no que *as lecturas //*

eran partituras. Canta o papo-ruivo, zoam as abelhas, soa o saxofone, renxe o fol da gaita, fervem os bagos na adega. O mundo escreve-se a si mesmo e o poeta aprende a escutar. Recupera o oralidade, a língua primigénia, o papo-ruivo que fomos.

Aprender a ler é aprender a escrever, vão da mão as duas habilidades. Quem lê, atreve-se a cruzar o rio, conhecedor de remoínhos e correntes, para prender na outra ribeira. Funde-se com essa paisagem que em realidade está a escrever-nos a nós: *dixeras // que tiña un musgo crescendo no bigote // coma nun vello valado de coio // que pecha un misterio. // Dos beizos saíron formigas // dos dedos // trevos de catro follas.* E já não se sabe, nesta fusão, onde o selvagem, e onde o humano.

Aprender a ler é desbotar as agulhas do relógio, essa *engrenaxe do tempo perfectamente engraxada.* Não é esse o ritmo que marca o tempo, mas um *rizo eterno de albariza. Os bicos duran o que unha mazurca.* A vide prende a raiz noutra idade e o vinho pinga as barbas mollhadas do rio. Uma constelação de cachos explica o mundo:

Escoito, // por vez primeira // o renxer rítmico da tectónica de placas.

Neste verão de lume e cinza é impossível não ler este livro como um canto fúnebre, a elegia a umas ribeiras levadas do incêndio, ardendo por baixo da terra, as raízes daquilo que somos. Está da nossa mão mudar o rumo: *as que habitamos entre campos de pasta de papel // non precisamos soporte para escribir a nosa historia.*

Susana Sanches Arins
26 de agosto de 2025

Nota de autor

Este poemario é un proceso. Individual e colectivo. Científico e poético. Nace dun territorio específico: a Guimaralia, termo acuñado por Olga Novo para designar a Terra dos Guímaros. Un territorio físico que abrangue as parroquias da Pobra do Brollón e un territorio simbólico que abrangue as súas comunidades. Un territorio diacrónico que percorre as historias íntimas.

Ao longo de seis anos habitei este territorio como técnico de Cultura acompañando procesos e proxectos que pretendían transformación e acabaron por transformarme. Intervencións nas paisaxes e nos corpos.

As células eucariotas, máis complexas e con maior organización interna que as procariotas, son as únicas que poden asociarse para crear entidades pluricelulares. Do mesmo xeito, comprendernos como individuos, organizarnos internamente é a maneira de construír comunidades.

Nun mundo cada vez máis “precariota”, a resposta está nos procesos comunitarios, pluricelulares. Facernos eucariotas para perdernos no colectivo. Facernos colectivo para entender as nosas individualidades.

Dende as comunidades tradicionais ata as novas formas de comunidades posmodernas: o asociacionismo, as redes familiares e de amizades ou as comunidades dixitais, son un xeito disidente de estar no mundo. Crear os nosos propios sistemas como acción antisistema.

Este poemario está atravesado polo Amor, concibido como unha enerxía integral que percorre paisaxes e comunidades, que as une (e separa). A enerxía que determina os procesos químicos que fermentan as comunidades.

Distribúo textos escritos e reescritos ao longo destes seis anos en torno a varios capítulos: Lameiros, ribeiranas, paporrubios e paporrubios na ribeira. O lameiro como a extensión

do doméstico, como a paisaxe próxima, como o amor que se acouta ou se estende, que ten límites só se llos poñemos nós. As ribeiranas atravesadas polo río que divide tanto como un escenario de viñedos e de procesos químicos que son comunitarios. O paporrubio como aprendizaxe do que foi, como recordatorio a xeito de murmurio do que non é comunidade pero si, do que observamos e nos observa. Das marxes. O paporrubio na ribeira para anular toda a división anterior porque todo conecta, porque a mesma sinapse pode levarnos á poesía ou á ciencia e ambas son comprensión da paisaxe.

Hai ruínas e futuro. O reflexo no río dun mundo que desaparece e os alicerces dun novo na outra marxe. Os saberes que podemos colleitar para abonar un viñado novo, cargado de futuro. Deconstruírnos reconstruíndonos. Excavarnos restaurándonos, consolidándonos.

Trasmonte, 21-10-25

Western Crepuscular

Neste extremo Oeste polo que se pon o sol, os camións dos Cacharolos interpretan o automóbil nos filmes de Peckinpah: marcan a fin dun mundo.

As locomotoras do progreso unidireccional perseguidas por nativos a golpe de frecha disparadas por arcos temporais que se pechan.

Comunidades esgazadas pola rodeira, culturas devoradas por procesadoras.

Os ritos como recreación do que deixamos de ser.
Unha danza do Sol nun Casino de Arizona.
O último cubata ao remate dunha festa.

A última canción non é Maná,
é un Knockin' on Heaven's door tocado a gaita (en Sol) polos músicos do Titanic en Cacharolo remolque.

As que habitamos entre campos de pasta de papel, non precisamos soporte para escribir a nosa historia.